



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL VILAS VIVAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Primeiro. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración dispón que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización e o desenvolvemento do comercio, a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins e o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Segundo. O Concello de Ribadavia, en uso das competencias atribuídas polo artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, ten a firme vontade de colaborar no desenvolvemento do proxecto de dinamización comercial Vilas Vivas.

Terceiro. O 22.05.2025 subscríbese un convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello de Ribadavia para o desenvolvemento do proxecto de dinamización Vilas Vivas, para as anualidades 2025 e 2026, por un importe total de 589.050,00€ (IVE incluído).

Cuarto. O 05.11.2025 o Concello de Ribadavia presenta ante a Dirección Xeral de Comercio e Consumo unha solicitude para a modificación do anexo I do convenio e a ampliación do prazo de xustificación do investimento mediante a tramitación da correspondente addenda sen que isto supoña un incremento do importe global.

As causas aducidas polo concello para solicitar a modificación son as seguintes:

"Que no anexo I do dito convenio figuran unha relación de locais para poñelos a disposición do proxecto Vilas Vivas coas obrigas recollidas na cláusula quinta.

Que, co obxecto da cláusula quinta, unha vez iniciadas as actuacións tendentes a poñer a disposición do proxecto Vilas Vivas os ditos locais mediante os correspondentes contratos de alugueiro e executar o contrato de súa adecuación, resulta que:

1. Finalmente acadáronse os correspondentes acordos coas persoas propietarias dos nove locais seguintes:





LOCAL	Rúa / N°	Referencia catastral	Previsión uso	M²
1	Banda da Lira 1 A	0622915NG7802S0001HT	Tenda artesan e actividades	69
2	Banda da Lira 1 B	0622915NG7802S0001JY	Tenda artesan	32
3	Banda da Lira 2	0622915NG7802S0001OT	Tenda artesan e actividades	68
4	Juez Viñas 7	0722309NG7802S0001ET	Tenda artesan e actividades	67
5	Rodríguez Moure 17	0722405NG7802S0001JT	Tenda viños e degustacións	63
6	Salgado Moscoso 9	0723404NG7802S0001DT	Tenda de viños e actividades	372

E coas persoas propietarias dos seguintes escaparates:

LOCAL	Rúa / N°	Previsión uso	M²
1	Banda da Lira 2	Escaparate	5
2	Banda da Lira 1	Escaparate	15
3	Banda da Lira 3	Escaparate	15

2. Unha vez iniciada a execución do contrato formalizado o 05.08.2025 para a realización do deseño, proxecto de obra, decoración, ambientación e equipamento dos ditos locais e escaparates, detectáronse no local da rúa Salgado Moscoso, n° 9 (372 m²) problemas estruturais no edificio, que requiren da execución de obras non incluídas no contrato, e que fan inviable o seu uso sen a realización destas.

Así mesmo, renunciaron a súa participación no proxecto Vilas Vivas as persoas propietarias do local situado na Salgado Moscoso, n° 12 (81 m²) e do escaparate situado na rúa Banda da Lira, n° 1 (15 m²).

3. Co fin de suplir as ditas baixas e cumprir o obxecto do programa, realizáronse as correspondentes actuacións para a incorporación dos tres locais seguintes:

LOCAL	Rúa / N°	Referencia catastral	M²
1	Salgado Moscoso 3	0723401NG7802S0002PY	85
2	Yáñez 34	340723904NG8025S	52
3	Yáñez 4	0622603NG7802S0001GT	78

E a ampliación da superficie de actuación (mediante a inclusión dos andares superiores) nos seguintes locais:

LOCAL	Rúa / N°	REFERENCIA CATASTRAL	PREVISIÓN USO	M²
1	BANDA DA LIRA 1 A	0622915NG7802S0001HT	TENDA ARTESAN E ACTIVIDADES	138
3	BANDA DA LIRA 2	0622915NG7802S0001OT	TENDA ARTESAN E ACTIVIDADES	136





Quinto. A cláusula décimo primeira do convenio de colaboración dispón que *"O Concello de Ribadavia poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado. En ningún caso a modificación poderá supoñer un incremento do importe global establecido neste convenio e deberá ser proposta pola comisión de seguimento e autorizada pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo."*

A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, respecte o obxecto da subvención e as actividades subvencionadas, evite actuacións deficientes e incompletas e se realice no prazo fixado neste convenio. Para a modificación non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se asinou o convenio, tiveron lugar con posterioridade á súa sinatura (...)"

As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 7.2 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas que dispón que: *"a modificación poderase autorizar sempre que non dane os dereitos de terceiros. As bases reguladoras deberán prever os supostos e condicións nas que se poderá modificar a resolución da concesión, respectando o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitando actuacións deficientes e incompletas"*.

Sexto. O 06.11.2025 reúnese a comisión de seguimento do convenio de colaboración de conformidade co disposto na cláusula décimo primeira. A comisión acorda a modificación do Anexo I do convenio mediante a tramitación da correspondente addenda:

Anexo I

LOCAL	Rúa	Nº	REFERENCIA CATASTRAL	PREVISIÓN USO	M ²
1	BANDA DA LIRA	1 A	0622915NG7802S0001HT	TENDA ARTESAN E ACTIVIDADES	138
2	BANDA DA LIRA	1 B	0622915NG7802S0001JY	TENDA ARTESAN	32
3	BANDA DA LIRA	2	0622915NG7802S0001OT	TENDA ARTESAN E ACTIVIDADES	136
4	JUEZ VIÑAS	7	0722309NG7802S0001ET	TENDA ARTESAN E ACTIVIDADES	67
5	RODRIGUEZ MOURE	17	0722405NG7802S0001JT	TENDA VIÑOS E DEGUSTACIÓNS	63
6	PRAZA MAIOR	14	0622705NG7802S0001FT	TENDA ALIMENTACIÓN (COLMADO)	71
7	MERELLES	14	072146NG7802S0001FT	TENDA USOS MÚLTIPLES	61
8	SALGADO MOSCOSO	3	0723401NG7802S0002PY	TENDA DE VIÑOS E DEGUSTACIÓN	85
9	YAÑEZ	34	340723904NG8025S	TENDA DE VIÑOS E DEGUSTACIÓN	52
10	YAÑEZ	4	0622603NG7802S0001GT	TENDA DE ALIMENTACIÓN	78
11	SALGADO MOSCOSO	9	0723404NG7802S0001DT	-----	---

Escaparates:

LOCAL	Rúa	Nº	PREVISIÓN USO	M ²
1	BANDA DA LIRA	2	ESCAPARATE	5
2	BANDA DA LIRA	3	ESCAPARATE	15

Sétimo. En virtude do acordado pola comisión de seguimento, modifícase o anexo I do convenio de colaboración, manténdose inalterable o clausulado do convenio.



A modificación solicitada non supón un incremento do importe consignado no convenio, non dana dereitos de terceiros e seguen concorrendo os mesmos requisitos tidos en conta no momento da súa subscrición.

Así mesmo, tendo en conta as prescricións contidas na citada cláusula décimo primeira do convenio de colaboración e no citado artigo 7.2 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, considérase xustificada a modificación do convenio proposta polo Concello de Ribadavia non só porque ven motivada por circunstancias sobrevidas unha vez iniciadas as actuacións dirixidas a poñer a disposición do Programa Vilas Vivas os locais comerciais senón tamén porque a dita modificación é necesaria para a consecución do obxecto íntegro do convenio.

En consecuencia, conclúese que a modificación solicitada respecta o obxecto da subvención e non altera o fin perseguido coa subscrición do convenio pois as actuacións incluídas na adenda están dirixidas ao pleno desenvolvemento do proxecto de dinamización comercial Vilas Vivas no Concello de Ribadavia e a cumprir co seu obxectivo de dinamización da vila.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director xeral de Comercio e Consumo
Gabriel Alén Castro

